

C01_12. Cubierta de tella con illamento sobre madeira.

1-Descripción do cerramento.

Cuberta de tella cerámica curva con dobre enrastrelado (4 x 4) de madeira de piñeiro, con illamento de pranchas de cortiza natural de 12 cm de espesor sobre entablado de madeira.. Ten unha lamina impermeable-transpirable de PP sobre o illamento.

Definición dos materiais.


Capa 1: Tella cerámica curva.

Capa 2: Dobre enrastrelado de madeira de piñeiro (4 x 4)

Capa 3: Lamina impermeable-transpirable de PP

Capa 4: Pranchas de illamento de cortiza natural de 12 cm de espesor.

Capa 5: Entablado de madeira de piñeiro de 2 cm de espesor.



Características dos materiais empregados

Capas	Espesor (m)	Conductividade térmica λ (W/m°C)	Resistencia térmica R (m°C/W)	Densidade ρ (kg/m ³)	Calor específica Ce (J/Kg°C)	Factor de resistencia ao vapor de auga μ	Peso (kg /m ²)	Espesor equivalente Sd (m)
Capa 1	0,03	0,50	0,00	1.600,00	1.080,00	6,00	48,00	0,18
Capa 2	0,08	1,11	0,90	1,29	1.004,00	1,00	0,10	0,08
Capa 3	0,00	0,17	0,00	300,00	1.700,00	60,00	0,17	0,03
Capa 4	0,12	0,05	0,00	180,00	1.880,00	1,00	21,60	0,12
Capa 5	0,02	0,15	0,00	480,00	1.600,00	20,00	9,60	0,40
TOTAL	0,25			317,18			79,47	0,81

2. -Parámetros globais do cerramento

Espesor: d	0,25 m
Peso: P	79,47 kg
Coeficiente de transmisión térmica: U	0,34 W/m ² °C
Desfase térmico: t	9,71 h
Amortecemento térmico	0,92 %
Espesor de aire equivalente: Sd	0,81 m
Capacidade de acumulación de calor	108,19 KJ/m ² °C
Illamento acústico: RA	36,54 dBA
Demanda de enerxía	472,95 MJ/m ²
Emisións de CO ₂	-26,57 kg/m ²

3-Prestacións, condicións de uso e recomendacións.

Trátase dunha cuberta tradicional de tella cerámica sobre estrutura de madeira illada.

Consegue satisfacer as necesidades de illamento térmico e as esixencias do CTE.

Poden producirse condensacións en cápanas exteriores do cerramento, que ao estar en contacto co ambiente exterior por poñer unha cámara ventilada configurada co dobre rastrelado, non supón un problema para o cerramento. En caso de ambiente interiores con grande produción de humidade, poderíase colocar unha barreira de vapor sobre o chan de madeira.